EXERCICIO DA MATERIA FILOSOFÍA I

Composición sobre*: Función e necesidade da Filosofía no mundo actual.*

Deberás redactar unha composición, a modo de ensaio breve (unhas dúas páxinas) con ese título. Trátase de exercitar a capacidade de exposición e argumentación sobre temas filosóficos, así como de estimular a investigación e reflexión persoal favorecendo unha aprendizaxe autónoma, dado que todos os demais exercicios e cuestionarios deixan pouco espazo para iso, polo seu carácter de autoavaliables.

Hai moitas formas e estilos de construír un texto persoal sobre un tema; pero ante todo debe ser unha exposición clara, rigorosa, coherente e ordenada. Para logralo podes ter en conta as seguintes indicacións:

1) Empezar cunha breve *introdución*, onde se presente con claridade o problema. Neste caso, podería ser: *A superación (aparente) da Filosofía polo desenvolvemento da Ciencia e a Tecnoloxía no mundo actual*. (En campos como a Astronomía, a Física, a Bioloxía, a Psicoloxía, etc. os avances científicos parece que desbordaron as vellas teorías filosóficas facéndoas obsoletas...)

2) *Desenvolvemento*: A parte máis extensa, debe dedicarse a expoñer e analizar datos e argumentos que permitan dar unha resposta ao problema. É moi importante ordenar ben as ideas; para iso serve de axuda facer un esquema ou guión previo. En moitos casos, como no presente, pódese facer un breve percorrido histórico que explique o estado actual da cuestión:
   - *A orixe da Filosofía en Grecia* (paso do *mito* ao *logos*): circunstancias, función da Filosofía, necesidades ás que responde, etc.
   - *O nacemento da Ciencia moderna na Revolución Científica*.
   - *Progresiva separación entre Ciencia e Filosofía especulativa*.
   - *Consolidación das Ciencias e desenvolvemento de tecnoloxías revolucionarias.*
   - *Aparición de novos problemas* como consecuencia do propio avance científico-técnico.
   - *Delimitación de campos entre problemas científicos e meta-científicos* (criterios de demarcación)

3) *Conclusión*: A posición (tese) ante o problema debe quedar clara e estar apoiada nos datos e argumentos anteriormente presentados. No caso presente, caben basicamente dúas posibles posicións: a) A Filosofía non compite coa Ciencia en aportar coñecementos especializados, pero segue a ter un campo de cuestións, que van máis alá da Ciencia (problemas fronteirizos e transfronteirizos), pero que son fundamentais para o ser humano..., ou b) A Ciencia, no seu desenvolvemento, irá absorbendo os vellos problemas filosóficos...

Para realizar a composición deberás ter en conta o estudado até agora e buscar información en internet (ou noutras fontes). As palabras claves que poden orientar a busca pola rede son: filosofía (orixe, necesidade, función), ciencia e filosofía, tecnoloxía e filosofía, mitos modernos, ideoloxía e filosofía, globalización e filosofía... Podes atopar información en www.webdianoia.com, es.wikipedia.org/wiki/filosofia, recursos.cnice.mec.es/filosofia, www.arvo.net, www.pensament.com/filoxarxa, www.filosofia.org, entre outras moitas páxinas. As fontes utilizadas deberás citarlas ao final da composición.